


BLOQUE 4 - Europa

O circuío moral de rutas do que somos parte

- 4.1 *O carteiro das noites brancas*. Rusia (2014). Os apoios sociais ante o illamento.
- 4.2 *Destinos*. Bulgaria (2017). Xestionar a desolación, o desespero, o dó, a esperanza...
- 4.3 *Non matarás*. Polonia (1988). Recoñecer condutas disociais.
- 4.4 *Taxi 121*. República Checa (2016). Xenerosidade. Altruísmo. Inseguridade cidadá.
- 4.5 *Galatasaray-Dépor (One day in Europe)*. Alemaña (2005). Engano inmoral.
- 4.6 *Napoli-Berlino. Un taxi nella notte*. Finlandia (1987). Sentido do humor.
- 4.7 *Todo ou nada*. Reino Unido (2002). A unión no afrontamento dun problema.
- 4.8 *Red Road*. Reino Unido (2006). Entender os sentimentos de dó.



4.1 *O carteiro das noites brancas*. Rusia (2014). Os apoios sociais ante o illamento

Comunmente as persoas comezan viaxes nalgún medio de transporte. Porén, que ocorre se as palabras viaxan? Como e con quen van as cartas deica uns lagos e marismas ao norte da Rusia continental? Son mensaxes coa voz e a vida das persoas que escribiron e tamén usuarias da embarcación dun singular «carteiro-taxista» que avanza devagar polo longo lago, entre poboacións de illada beleza e a soidade verde do parque natural Kenozero. Unha proa silandeira divide unha lámina de auga; o ronsel da popa discreta, certifica o destino certo de cada entrega. E **Liokha**, o noso carteiro, procurará harmonía entre veciños e peixes, sen amor, sen o vodka e sen pegar ollo nesas noites tan brancas.

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Andrei Konchalovsky

Fotografía: Aleksandr Simonov

Música: Eduard Artemyev


Produción: Production Center of Andrei Konchalovsky

Xénero: drama/vida rural

Duración: 100´

Elenco: Aleksey Tryapitsyn, Irina Ermolova, Valentina Ananina, Timur Bondarenko

Premios: 71.º Festival de Venecia 2014: gañador do León de Prata ao Mellor Director



4.2 *Destinos*. Bulgaria. Xestionar a desolación, o dó, a esperanza...

Sofía: unha capital cincenta de mañás frías, con noites negras e glaciais. Entrecrúzanse persoas cunha vida detrás. A **mocidade** desorientada por «algo» a calquera prezo. O **profesional** co bisturí nunha man e o pasaporte noutra. O viacrucis dun **condutor** pola perda do fillo. A desconsideración dos clientes. O **retornado fachendoso** que deixa de gabarse no reencontro cunha vítima do pasado. O **crego ortodoxo** que apela á fe e ao taxímetro para ir onde tardan as oracións. O **profesor universitario** nunha ponte e cunha decisión. O **avogado** nunha liorta «primitiva» co **taxista**. Ou a **vítima** da **banca «ultraviolenta»** con xuros inmoraís, extorsións e

desafiuzamentos. Un mapa malferido, onde custa vivir, respirar e recargar a confianza.

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Stephan Komandarev

Fotografía: Vesselin Hristov

Música:

Produción: Coprodución Bulgaria-Alemaña-Macedonia

Xénero: drama

Duración: 103'

Elenco: Ivan Barnev, Georgi Kadurin, Borislava Stratieva, Anna Komandareva, Vassil Vassilev

Premios: 55.ª Edición Festival de Xixón, nominado ao mellor filme. 70.ª Edición do Festival de Cannes: nominada ao Premio «Unha Certa Ollada».



4.3 Non matarás. Polonia (1988). Recoñecer condutas disociais

Tres personaxes vertebran este relato. **Jacek**, un mozo: camiña errático e solitario por Varsovia, espanta pombas, guinda pedras desde unha ponte e bebe café, ao axexo dun taxi sen policía á vista. Un **taxista** con odio expreso polos animais, con aberto desprezo polos clientes e peóns: amólaos, ignóraos frecuentemente se o reclaman, actúa segundo as súas necesidades e caprichos, recunca nas bromas pesadas, prefire desfacerse dun petisco na boca dun can esfameado, antes que partillalo co pobre da súa comunidade. Un **avogado**: lúcido, idealista e sensible, transpira bonhomía no seu xeito de entender a defensa legal dunha persoa, existe rodeado de amor e rigor na súa análise da sociedade. **Tres alicerces dunha historia que achega e afasta as vidas aos recantos dun triángulo isósceles.**

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Krzysztof Kieślowski

Fotografía: Slawomir Idziak

Música: Zbigniew Preisner


Produción: Film Polski

Xénero: drama/crime

Duración: 85'

Elenco: Mirosław Baka, Jan Tesarz, Krzysztof Globisz

Premios. Festival de Cannes: Premio do Xurado e Premio FIPRESCI. 1.º Premio do Cinema Europeo no 1988.



4.4 Taxi 121. República Checa (2016). Afastarse dos perigos

Taxi 121 é unha longametraxe inspirada en feitos reais, onde un asasino en serie segou a vida de tres taxistas en Praga. A historia céntrase nunha das súas vítimas, o mozo **Matej**. A súa derradeira viaxe mudará a moitas persoas para sempre. Non só non queremos omitir a quen se abre paso no caos viario... Quixemos homenaxear os/as profesionais do taxi perdidos na noite.

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Daniel Pánek

Fotografía: Ondrej Kos

Música: Karel Antonín


Produción: -

Xénero: crime verdadeiro/crime/drama/thriller

Duración: 90´

Elenco: Filip Tomsa, Lenka Zahradnická, Dusan Sitek, Vlastina Svátková, Roman Vojtek, Brian Caspe

Premios: -



4.5 Galatasaray-Dépor (One day in Europe). Alemaña (2005). Engano inmoral

O filme narra catro feitos similares nun mesmo día (o da final da Champions entre o Galatasaray de Istambul e o Deportivo da Coruña) en catro cidades de Europa. Nós **limitámonos só a dúas destas crónicas** de taxímetros. Unha deles trata do **roubo da equipaxe** que sofre unha empresaria **en Moscova**. A outra é a historia dun «mochileiro» en Istambul, asistido por un taxista kurdo. Xorden **barreiras lingüísticas e fraudulentas** que complican as situacións, sobre todo coa policía.

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Hannes Stöhr

Fotografía: Florian Hoffmeister

Música: Florian Appl

Produción: coprodución Alemaña-España; [Filmanova](#), Moneypenny Filmproduktion GmbH

Xénero: comedia/película de episodios/fútbol

Duración: 95´

Elenco: Megan Gay, Luidmila Tsvetkova, Andrei Sokolov, Erdal Yildiz, Florian Lukas

Premios: 55.ª Festival Internacional de Berlín 2005: nom. Oso de Ouro Mellor Filme



4.6 Napoli-Berlino. Un taxi nella notte. Finlandia (1987). Calcular riscos

Un mozo taxista, **Alex**, traballa na quenda de noite en Berlín. Entre carreira e carreira, entra nas sórdidas rúas na procura do seu amigo Igor, un ruso, un ladrón pequeno, de gran corazón, namorado da prostituta Mara. Nun bar, **Alex** vese envolto nun arranxo de contas entre mafiosos. Aparecen dous cadáveres e unha maleta con cartos no asento do seu taxi. Isto xerará unha tola persecución por Berlín e abondosos incidentes entre mafiosos que perseguen o diñeiro e **Alex** que o quere agochar.

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Mika Kaurismäki

Fotografía: Helge Weindler

Música: Jacques Zwart


Produción: coprodución Finlandia-Suíza-Alemaña do Leste (RDA)

Xénero: comedia/thriller/mafia/comedia negra/road movie

Duración: 96´

Elenco: Kari Väänänen, Roberta Manfredi, Jean-Pierre Castaldi, Margi Clarke, Nino Manfredi

Premios: Premios Jussi Edición 1988: gañadora Mellor Produción Paras Tuottaja e Mika Kaurismäki



4.7 *Todo ou nada*. Reino Unido. A unión no afrontamento dun problema

Penny, ademais de boa muller, é **caixeira** nun supermercado. Conserva restos dun optimismo que desaparece no seu fogar. Nel non sorrí. **Phil**, ademais dun bo home, é **taxista** por conta allea. Non progresa e, con febleza e amabilidade, non frea as queixas do xefe nin a perda de clientes e cartos. Inocuo, desleixado e impuntual, gaña peso e alcohol en sangue. Ambos teñen unha filla (**Rachel**) e un fillo (**Rory**). **Rachel**, insegura na súa imaxe, non se beneficia das mellores condicións nun traballo esixente e pouco retribuído: coidadora da terceira idade. Cumpre coas obrigas e recibe insinuacións groseiras dun compañeiro que lle dobra a idade. **Rory**, o fillo adolescente, é unha treboada de ira nun corpo obeso e sedentario. Unha ración de agresividade fai estoupar todo cada día. Nin estuda, nin traballa... Cómpre preguntarse como dous seres con virtudes persoais naufragan no seu matrimonio e na súa idea de familia? Esqueceron unirse máis nos peores intres? Un perigoso contratempo poderá revertir a situación?

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Mike Leigh

Fotografía: Dick Pope

Música: Andrew Dickson


Produción: coprodución Reino Unido-Francia

Xénero: drama/romance/drama social

Duración: 128´

Elenco: Timothy Spall, Lesley Manville, James Corden, Ruth Sheen

Premios: sete nominacións en catro festivais internacionais no 2002



4.8 *Red road*. Reino Unido (2006). Xestionar os sentimentos de dó

Non sufrimos ningunha paranoia. Só vivenciamos un feito real cada vez que cruzamos unha autoestrada, entramos nunha cidade ou ficamos nalgún banco dunha rúa peonil: víxiannos. Obviamente é unha cuestión de seguridade e orde pública. Porén, por veces, alguén pode abafar no recanto dunha praza entre tanta cámara ou sentirse coutado pola sombra dun «ollo divino» no cumio dunha rotonda. Xire á esquerda ou á dereita: aí de min se o fago sobre a raia continua ás 15:35:43 ou ás 04:04:04 do que semellaba unha madrugada deserta! ... Agora ben, a tecnoloxía tamén asiste as persoas... Detrás dos monitores, unha muller «escoita o relato» dun **Glasgow** anubrado, **asfaltado de inverno**. É unha traballadora que transpira bondade e tamén a dor da perda irreparable; **un drama amortecido entre un salario e centos de imaxes** que supervisa atenta a todo. **Vendo os demais pérdese de vista. Un refacerse na ringleira de rutinas. Un afacerse á dor para «ir tirando».** **Que acontecería se dos ríos de rostros rexurdise quen a esmagou?**

FICHA TÉCNICA

Dirección e guión: Andrea Arnold

Fotografía: Robbie Ryan

Música: Glenn Gregory

Produción: coprodución Reino Unido-Dinamarca

Xénero: drama/intriga/drama psicolóxico

Duración: 114´

CINEMA EDUCATIVO. O TAXI NO CINEMA: HHSS SOBRE RODAS

Ramón Souto Caride e Juan J. Álvarez Castro

Elenco: Kate Dickie Tony Curran, Martin Compston, Natalie Press

Premios: Festival de Cannes 2006: Premio do Xurado. BAFTA 2007: gañadora Premios da Academia do Cinema e TV Británica (Filmes e Series do 2006): Mellor Debut dunha escritora, Directora e Produtora Británica (Andrea Arnold)